

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2007.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás dez horas e cinco minutos do día vinte de decembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e segunda convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo, D. Xosé Antonio Bouza Rey e Dna. Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro. Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 10.12.2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 10 de decembro de 2007.

2.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Visto o escrito presentado pola empresa AGRICOLA CARBALLEIRA S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-lo subministro dun vehículo tractor con desbrozadora, marca Massey Ferguson, matrícula E-1751-BDT e tendo en conta o informe emitido polo encargado de servizos múltiples do Concello no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, o subministro atópase en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa AGRICOLA CARBALLEIRA S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de BANCO DE GALICIA- núm. 1.002/8986 de data 05.10.06 - por importe de 3.378,16 euros (TRES MIL TRESCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS).

3.- LICENZAS DE OBRAS

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

– **D. MARTÍNEZ MARTÍNEZ TEIJEIRO en representación de Dna. CARMEN e Dna. JULIANA MARTÍNEZ ESPÍNEIRA (EXP. 121/2006) segundo solicitude de data 11 de xullo de 2006**, para construción de muro de contención, en O Cruceiro - Franza, referencia catastral: Polígono 10, Parcela 226.

O muro terá 5,9 metros de lonxitude FRONTE a camiño e 10 metros entrando na súa propiedade, e a altura será a rasante do terreo actual.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Distará 6 metros do eixo do camiño, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **D. BENITO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (EXPTE. 36/2007) segundo solicitude de data 8 de marzo de 2007**, para instalación dunha condución de saneamento en zona de policía no Río Baa, con cruce sobre este, en Avda. do Seixo s/n, referencia catastral: Polígono 11, Parcela 351.

Deberán observarse as consideracións e condicións da autorización de *AUGAS DE GALICIA*, expte. Clave: DH.W15.21916.

Prazo de inicio: 2 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

– **D. FRANCISCO JOSÉ MONTERO VILA (EXP. 124/2007) segundo solicitude de data 28 de maio de 2007**, para cambio de tellado dunha adega, en Alto de Simou nº 10, referencia catastral: 2811018NJ6121S.

Non poderá modificar o volume existente, e rematarase a cuberta con tella do país.

En zona de reforma non terá máis de dous metros de altura.

Separará 2 metros de calquera lindeiro incluída a vivenda e outras edificacións.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

– **Dna. RAQUEL PAZ GABÍN (EXP. 133/2007) segundo solicitude de data 19 de xuño de 2007**, para reforma de baño, en R/ Mercado nº 7, 2º E, referencia catastral: 0423008NJ6102S.

A reforma consistirá no cambio de alicatados, solados e aparatos sanitarios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **D. MANUEL CANCELA FRAGA (EXPTE. 134/2007) segundo solicitude de data 21 de xuño de 2007**, para cambio de cuberta, en R/ Xuncedo nº 26, referencia catastral: 3917005NJ6131N.

O cambio da cuberta abrangue unha superficie de 140 m², substituíndo a existente de tella francesa, por fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

- D. ENRIQUE ALLEGUE LÓPEZ en representación de D. JUAN ÁNGEL ALLEGUE RODRÍGUEZ (EXPTE. 152/2007) segundo solicitude de data 10 de xullo de 2007, para soleira de formigón, en R/ Xuncedo nº 10, referencia catastral: 3717007NJ6131N.

A soleira será dende a aliñación exterior do camiño de Xuncedo na súa mesma rasante, nunha superficie de 200 m².

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JESÚS CALVO RODRÍGUEZ (EXPTE. 163/2007) segundo solicitude de data 6 de agosto de 2007, para recibado da vivenda, en O Monte nº 1, referencia catastral: Polígono 15, Parcela 295.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JUAN MANUEL REY LAGO (EXPTE. 165/2007) segundo solicitude de data 13 de agosto de 2007, para cambio de acometida, coa colocación de tubería de polietileno, en R/ Os Casás nº 28, referencia catastral: 0719016NJ6101N.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- D. MIGUEL ÁNGEL SALIDO PÉREZ (EXPTE. 116/2007) segundo solicitude de data 18 de maio de 2007, para peche, en Rilo s/n, referencia catastral: 1713901NJ6111S.

O peche será de bloque de formigón e reixa e terá 14 m. de lonxitude entre propiedades. Terá unha altura máxima de 2 metros.

O peche non será opaco en máis de 1 m. de altura e de reixa até acadar os 2,00 m. de altura. Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de arames, nin as terminacións agudas.

É obrigatorio o revoque e pintado do bloque en cores que entoen coa paisaxe.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. ENRIQUE ALLEGUE LÓPEZ en representación de D. JUAN ÁNGEL ALLEGUE RODRÍGUEZ (EXPTE. 151/2007) segundo solicitude de data 10 de xullo de 2007, para peche de bloque de formigón e reixa, en Xuncedo s/n, referencia catastral: 3917014NJ6131N.

O peche será entre propiedades de 80 metros de lonxitude e terá unha altura máxima de 2 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura, e de reixa até acadar os 2 metros de

altura. (Segundo o acordo plenario do 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10.10.2007).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JESÚS DOVAL SOUTO (EXPTE. 211/2007) segundo solicitude de data 23 de outubro de 2007, para peche de bloque e reixa, en R/ Mercado nº 8, referencia catastral: 0323002NJ6102S.

O peche será de 9 metros de lonxitude e cunha altura total de 1,50 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa até acadar o 1,50 metros de altura.

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de arames, nin as terminacións agudas.

Deberá de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 1 meses.

Prazo de execución: 2 meses.

4.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases de Execución do Orzamento de 2007, prorrogado do 2006, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

| Rex. | Fact | Partida | Provedor e Concepto | Importe |
|-------------|-------------|--------------------|--|----------------|
| 905 | 06 | 2007.0.313.0.22615 | SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAU PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2007 PARA NENOS SAHARAU | 3.570,00 € |
| 1856 | 403 | 2007.0.321.0.22602 | GALERIA SARGADELOS MATERIAL DIDÁCTICO COA NORMATIVA DO GALEGO | 3.000,00 € |
| 2193 | 482 | 2007.0.313.0.62201 | CALSOMATU,S.L. INSTALACION ELÉCTRICA AULA FORMACIÓN AXUDA DEPENDE | 5.757,78 € |

5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 787/2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a Resolución da Alcaldía, de data 13 de decembro de 2007, que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 787/2007.- Por Resolución da Alcaldía núm. 765/2007, do 29 de novembro, aprobouse o certificado de obra de “REHABILITACIÓN DA ESCOLA

UNITARIA DE NOVÁS-A PEDREIRA” e acordouse requirir a presentación de certificación da obra no modelo oficial establecido no Regulamento de contratación das Administracións Públicas, así como os demais extremos que na mesma se indican.

Con data 4 de novembro de 2007, presentase a certificación de obra núm. 1 no modelo oficial, e co fin de remitila a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, e tendo en conta o informe emitido pola Interventora municipal,

Polo presente RESOLVO:

1º.- Aprobar a certificación núm. 1 da obra “REHABILITACIÓN DA ESCOLA UNITARIA DE NOVÁS-A PEDREIRA”, da que é adxudicatario D. CONSTRUCCIONES SEIFRAN S.L., por importe de NOVENTA E SETE MIL SEISCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (97.667,37€), con cargo á partida 2007.0.451.0.63200 do orzamento vixente, así como a correspondente factura, a que se remite á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, por contar cunha subvención finalista do citado organismo.

4º.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que esta celebre, para a súa ratificación se así o estima”.

Sen máis asuntos para tratar, ás dez horas e trece minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE